

INTERNET, NOVOS VIEIROS PARA O GALEGO*

Lois Rodríguez
Daniel Romero

item:)aga

Á hora de estudia-la presenza do galego na Internet pódense utilizar diferentes perspectivas: cualitativa, analizando a calidade do idioma utilizado; cuantitativa, referíndonos ós niveis e porcentaxes de uso da nosa lingua; de resposta á demanda social, valorando o nacemento e a resposta á demanda de galeguización da Rede, e globalizadora, estudiando cómo evolucionou o uso do galego na Internet.

De tódalas posibles perspectivas, á hora de acomete-la miña comunicación optei por esta última por entender que é a que máis se axusta á formulación e obxectivos do congreso. Xa que logo, referireime á evolución do uso do galego na Internet, prescindindo da dimensión tecnolóxica e centrándome na Rede como fenómeno ou medio de comunicación.

Segundo a profesora Carme Hermida Gulías¹, na historia do uso do galego nos *media* convencionais (prensa, radio e televisión) aparece sempre a mesma constante: o uso do galego non se produce ata varios anos despois da implantación do medio na nosa comunidade: doce anos despois na prensa escrita, quince na radio e dezoito na televisión. Obsérvanse, ademais, tres etapas perfectamente definidas: implántase o medio e non hai presenza da nosa lingua; o galego comeza a aparecer de forma circunstancial no medio e xorde algunha empresa que xa utiliza o galego de forma sistemática.

* Para entender esta comunicación hai que contextualizala no ano en que está escrita, un período en que a po-boación comeza a acceder, moi lentamente, a Internet. Noutras palabras, situarse na prehistoria da Internet en Galicia, sen lugar a dúbidas os anos dourados do galego na Rede. Tempos de euforia, de interese por facer do medio un espazo galego. Anos de iniciativas como <http://www.galego.org>, o primeiro centro de recursos en liña dedicado a unha das linguas do Estado, de espléndidas páxinas sobre a nosa literatura da man de escritores como Manuel Forcadela ou Gonzalo Navaza ou de editoriais como Xerais.

De cara a ter unha idea do onte e do hoxe da Rede no noso país, aconsellamos ler as *ESCOLMAS DO ANO DE VIEIROS* (<http://www.vieiros.com/especiais/>); V. F. Freixanes e L. Rodríguez Martínez, 2000. “Os novos medios”, en *A Comunicación en Galicia. 2000*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela; e D. Romero e I. Vaquero, 2002. *Da periferia á Rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos*. Xerais. Vigo

¹ Carme Hermida Gulías: *Historia do uso do galego nos medios de comunicación*, comunicación presentada nas I Xornadas “Lingua e Medios”, Compostela, 14/11/93.

No tocante ó uso do galego na Internet, podemos afirmar que corre parella á implantación real da Internet en Galicia e, como veremos posteriormente, as universidades, as roldas e as empresas de comunicación xogan un papel decisivo para que a nosa lingua percorra o ciberespacio.

Dicimos implantación real porque, aínda que o nacemento da Rede Iris data de 1987, hai que agardar ata 1990 para que as universidades poidan acceder a outras utilidades que non sexa o correo electrónico; a 1992 para que no Estado apareza a primeira empresa privada provedora de accesos á Internet, e a 1995 para que, na nosa comunidade, a Rede sobarde o ámbito universitario.

É no ano 1995 cando nunha universidade británica un lectorado decide crear unha lista de distribución dedicada a Galicia. Daquela xuntáronse uns galegos e galegas que intercambiaban mensaxes enviándoos ó enderezo: *galego@birmingham.ac.uk*. Foi o primeiro foro galego e, segundo Xabier Canosa², debémoslle dúas cousas: o nome de *rolda* para as listas de correo electrónico e o feito de agrupa-los primeiros galegos e galegas na rede. Tamén foi o lugar de distribución do primeiro xornal galego na rede: *A Nosa Terra*. A rolda foi esmorecendo cando Chema, o seu promotor e dinamizador, volveu para as terras de Breogán.

Luis Pérez Carrasco, desde Escocia, deseñou un método para enviar mensaxes múltiples, utilizando iso que aparece nos xestores de correo electrónico e que ultimamente tan de moda se puxo para o *junk-mail*: *Cc*. Mantivo o facho aceso e os galegos e galegas tiveron a onde arrimarse.

Tamén nese mesmo ano, Afonso Xabier Canosa Rodríguez, dende a universidade galesa de Aberystwyth, creaba o primeiro *website* en galego, un espacio dedicado á historia da nosa lingua e cultura no que se reproduce o texto dunha conferencia de Antón Santamarina e Manuel González. Pouco despois, da man das universidades galegas, comeza a incrementarse o número de páxinas *web* na nosa lingua.

Sen lugar a dúbidas, é no ano 1996 cando se produce un importante salto cualitativo tanto na implantación da Internet en Galicia coma no uso do galego na Rede. Como elementos máis significativos deste salto, salientarémolos seguintes:

- a) Nace Vieiros, o barrio galego na Internet e o primeiro sitio en galego –*item*:) *aga, comunicando normalmente*– dunha empresa privada.
- b) Aparece a edición en liña dalgúns medios de comunicación galegos.
- c) As administracións autonómica e municipal entran na Rede e comezan a prestar servicios en liña ós cidadáns.
- d) Automatízase a lista Galicia-L, xorden outras roldas temáticas e nace o grupo de *novas soc.culture.galiza*.
- e) Incrementase significativamente o número de recursos feitos en Galicia ou por galegos/as e en galego.

² Xabier Canosa, “soc.culture.galiza xa”, *Cousas de Vieiros*, núm. 1 (www.vieiros.com).

f) Teñen lugar os primeiros encontros para a creación de asociacións de internautas e de empresas prestadoras de servizos na Internet.

a) item:)aga, comunicando normalmente

En xaneiro de 1996 a empresa ferrolá de deseño e comunicación item:)aga presentaba publicamente o seu *website*. Tal e como destacabamos naquela ocasión, tratábase do primeiro *web* en galego dunha empresa privada e estaba enfocado á promoción da empresa, facendo especial fincapé na nosa especialización nas campañas de dinamización lingüística e no deseño de estratexias de comunicación na Internet.

Inicialmente foi un *web* monolingüe, aínda que a nosa pretensión era ofrece-la posibilidade de acceder á información en tódalas linguas peninsulares. As dinámicas propias da empresa e o feito de concentra-los nosos esforzos en *Vieiros*, impedíronnos avanzar na liña que nos fixáramos.

Vieiros, o barrio galego na Internet

A finais do 95, constatando o rápido crecemento experimentado pola Internet a nivel mundial, entendiamos que Galicia como comunidade non só non ía permanecer á marxe deste fenómeno, senón que reunía unha serie de condicións estruturais para que a Internet acadase a curto prazo un grande desenvolvemento e se convertese nun instrumento idóneo para supera-lo noso tradicional illamento, proxectarnos internacionalmente e manter un contacto permanente e fluído cos máis de dous millóns de galegos espallados polo mundo.

Neste contexto, a conclusión era obvia: se tiñámo-la canle á nosa disposición e a posibilidade e a capacidade para utilizala, debiamos procurar situarnos neste mercado emerxente e, ó mesmo tempo, dende a asunción da nosa propia identidade, contribuírmos a enche-la rede de contidos.

Analizando as tendencias que podiamos observar na Rede, chegamos á conclusión de que era tal a cantidade información á que se podía acceder na Internet, que moitos usuarios recorrían sistematicamente a aquelas ferramentas dedicadas a organizala e a facilita-lo acceso a ela.

A sistematización da información por centros de interese –cada día máis especializados– era unha iniciativa moi práctica e interesante, pero non proporcionaba unha visión global da comunidade ó carrega-la dispersión dos seus recursos polas diferentes áreas.

Pola contra, a agrupación de recursos por ámbitos xeográficos permitía esa perspectiva de conxunto e, asemade, organizaba a información por bloques temáticos. Era, xa que logo, o criterio máis útil para as comunidades que queren dotarse de espazos propios na rede dende os que se difundir como colectividade.

Con esta perspectiva, decidimos apostar pola creación dun barrio galego na Internet, *Vieiros*, dende o que poder presentar de xeito integral os nosos recursos e a información relacionada con Galicia ou de interese para a nosa comunidade, e dende o que construír neste novo medio o espacio de comunicación galego e en galego.

Entendiamos que esta era a forma máis áxil e efectiva para comunicarnos entre tódolos galegos, estarmos no mundo dende a nosa propia identidade e, ó mesmo tempo, doñarnos do mellor escaparate da realidade galega, aberto as vinte e catro horas do día.

Máis áxil, porque ó rexistrar *Vieiros* nos buscadores e centros de información da Internet, ó mesmo tempo que faciamos moi doado o acceso ó barrio galego, estabamos propagando a imaxe de Galicia, facendo unha invitación permanente a percorrer nos camiños que conforman o noso barrio e animando a descubri-las múltiples potencialidades que encerra a nosa comunidade.

Máis efectiva, porque a agrupación da información cumpre un importante efecto multiplicador, despertando o interese e a curiosidade dos visitantes por temas asociados ou que non teñen nada que ver cos que inicialmente demandaban.

Escollémo-lo nome de *Vieiros* porque tanto o seu significado coma as súas connotacións definen perfectamente cómo concibímo-lo barrio galego na Internet.

Vieiros son os camiños que cómpre percorrer para comunicar a tódolos galegos e proxectarnos no resto do mundo.

Vieiros é tamén unha aposta de futuro e unha elección: xogar un papel activo na construción da sociedade da información.

Por último, *Vieiros* toma o seu nome da revista que o Padroado da Cultura Galega de México editou entre 1959 e 1968 e que se caracterizou, entre outras moitas cousas, polo seu carácter interdisciplinar, avanzada concepción gráfica e por servir de nexo de unión coa Galicia do interior.

Despois de varios meses percorrendo a rede para localizar e sistematizar recursos galegos ou de interese para Galicia, escollíamo-lo aniversario do nacemento de Rosalía –o 24/02/96– para presentar publicamente *Vieiros*.

Dende o primeiro momento pretendemos que o noso barrio cumprise unha dobre función: constituí-la porta de entrada a Galicia na Internet e ser un espazo dinámico e aberto á participación; isto é, capaz de xerar contidos de interese e de involucra-los cidadáns na súa elaboración.

Nestes dezaseis meses de andaina, o feito de que *Vieiros* sexa o sitio galego máis visitado e recoñecido, acredita que conseguimos-lo noso obxectivo: convertelo nun punto de referencia obrigada na rede.

No tocante á xeración de contidos e de novos espazos, inicialmente circunscribiuse por propias limitacións a algunha sección de *Vieiros* –*A Galería*, que como o seu propio nome indica, constitúe a sala de exposicións virtual do noso barrio, na cal se exhibiron obras de Castelao, Maside, Asorey, Laxeiro...– e a especiais que programamos vinculados a datas simbólicas –8 de marzo, Día das Letras Galegas, 25 de xullo, nadal– ou a acontecementos puntuais –eleccións do 3 de marzo–.

Desta primeira etapa, paga a pena salientar –polas súas repercusións na Rede e nos *media*, polo nivel de participación dos cidadáns e polo precedente que creou– o taboleiro virtual “Mil primaveras máis para a nosa lingua”, que conseguiu reunir máis de

cincuenta colaboracións –Suso de Toro, Víctor Freixanes, Agustín Fernández Paz, Ramiro Fonte, Anibal Malvar, Carme Hermida, Ferro Ruibal, Paco Fernández Rei, Xaquín Marín, Siro, Os Diplomáticos, Milladoiro...–; traducións a trinta e dúas linguas dun texto de Álvaro Cunqueiro; traducións ó galego de autores doutras culturas –Manzoni, Ritsos, Kavafis...– e traducións a outros idiomas de autores e autoras galegos –Luz Pozo, Manuel Antonio...–.

No nadal de 1996, *Vieiros* experimenta un importante salto cualitativo evolucionando cara ó que se entende como un medio de comunicación dixital e prestando novos servicios. Noutras palabras, sen descoida-lo noso papel como índice de recursos, comezamos a xerar contidos e a proporcionar información puntual de forma sistemática. Deste xeito, pasamos a actualizar con noticias, tres días á semana, a páxina de presentación de *Vieiros* e a editar, en formato web, *Cousas de Vieiros*, publicación na que se recollen as noticias da última semana.

No tocante ós servicios, cómpre salienta-la creación da canle de IRC *Vieiros*, canle temática que se utiliza periodicamente para dialogar con persoas significativas da vida política, económica, social e cultural, ou para levar a cabo experiencias didácticas, nas que participaron diferentes centros de ensino, como os *multichats*, *enred@andote con nós*.

Nestes momentos, estamos ultimando unha ampla reformulación de *Vieiros*, na que se inclúe o lanzamento do buscador de *Vieiros*, a ampliación dos contidos informativos, a creación de novos espazos temáticos (*Vieiros Educación* e *Vieiros Negocios*) e a prestación de novos servicios.

b) Aparece a edición en liña dalgúns medios de comunicación galegos

El Correo Gallego/O Correo Galego foi o primeiro, e ata momento o único, xornal galego con edición electrónica. Hai que agardar ata xullo de 1996 para que a Radio e a Televisión de Galicia fagan a súa aparición no ciberespacio.

Dende o punto de vista do uso do galego, a presenza da nosa lingua na edición electrónica de *El Correo/O Correo* é pouco significativa.

Mención á parte merecen a Radio e a Televisión de Galicia, que non só emiten en vivo e en galego a súa programación utilizando o Real Audio e o Real Vídeo, senón que prestan unha especial atención á xerar novos contidos na nosa lingua. Neste sentido, paga a pena salienta-la información sobre as novidades editoriais ou os resultados nas diferentes competicións deportivas.

c) A administración autonómica e municipal entran na Rede e comezan a prestar-lles servicios en liña ós cidadáns

A presenza de ámbalas dúas administracións, abrirá unha nova perspectiva no tocante ó uso da Rede, sobre todo polo esforzo da Xunta de Galicia á hora de proporcionar servicios en liña ós cidadáns.

Non nos estenderemos nos usos lingüísticos de ámbolos dous sitios na medida en que, por imperativo legal, utilizan o galego como lingua de comunicación.

d) Automatízase a lista *Galicia-L*, xorden outras roldas temáticas e nace o grupo de novas *soc.culture.galiza*

O aumento do número de mensaxes e de usuarios da lista *Galicia-L*, levou ós seus promotores á creación dunha lista central de correo, no servidor de Red Iris. A lista pasou a ter un enderezo central, uns arquivos ós que se podía chegar coa World Wide Web, e a funcionar dun xeito máis organizado. O galego foi/é o idioma normal de comunicación da inmensa maioría dos membros da rolda.

Aínda que as taxas de conexións á Internet distan moito da media do Estado, o abaratamento das cotas de conexión, a entrada en funcionamento da Infovía, a crecente atención dos medios de comunicación convencionais e o labor de divulgación da Rede desenvolvido por empresas e institucións, provocaron avances substantivos tanto no número de recursos como no de usuarios, e tódolos indicios apuntan a que esta tendencia se vai incrementar.

Segundo Luís Pérez Carrasco³, o seguinte obxectivo dos membros desta rolda foi a creación dun grupo de novas na Usenet, a canle normal de comunicación entre moita xente que teña uns intereses comúns. Un grupo de novas era a solución máis axeitada para as necesidades dos galegos e da xente que sente un interese especial por Galicia, xa que os grupos de novas teñen moita máis difusión que as listas de correo (entre outras cousas porque para se poder apuntar a unha lista, cómpre sabe-lo enderezo); pódense escribir moitas mensaxes e cadaquén escolle as que lle parecen máis interesantes, e é doado facer comentarios a un envío anterior sen ter que repeti-lo que se dixera antes. Hai grupos de novas de moitas categorías, mais os de discusión xeral sobre un país adoitan chamarse *Society and Culture of*, neste caso *Galiza* (o nome foi asunto de longa e intensa discusión, entre outros problemas, pola existencia da Galicia polaca; finalmente aprobouse por votación na lista escolle-lo *Society and Culture of Galiza*). O proceso de creación dun novo grupo na rede non foi fácil. Pero por fin, o *soc.culture.galiza* é xa unha realidade.

Paralelamente ó desenvolvemento da rolda *Galicia-L*, ían necendo outras roldas temáticas promovidas polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro e pola S.A. de Xestión do Xacobeo.

e) Incrementábase significativamente o número de recursos (*websites*) feitos en Galicia ou por galegos/as e en galego

Comezando polo número de recursos, aínda que a cifra total é moi inferior á doutras comunidades, xa hai un número significativo de sitios (a maioría deles xurdiron entre o último trimestre de 1996 e o primeiro semestre de 1997) de empresas, medios de comunicación, centros de ensino primario e secundario, páxinas persoais feitos en Galicia ou por galegos/as.

Nunha cala que efectuabamos hai un mes entre os *websites* indexados en *Vieiros*, contabilizabamos un total de 654 sitios galegos ou feitos por galegos. Antes de entrar a

³ Luís Pérez Carrasco: "soc.culture.galiza", *Cousas de Vieiros* núm. 1 (www.vieiros.com).

analiza-lo grao de uso do galego nestes *websites*, cómpre poñer de relevo a necesidade de, para próximos estudos, depurar esta cala na medida en que non se seguiu o mesmo criterio para contabiliza-los sitios das universidades galegas; noutras palabras, nalgunha universidade contabilizáronse *websites* departamentais, de facultades e mesmo de eventos, mentres que noutras, non.

Con tódalas precaucións sinaladas anteriormente, os datos sobre os niveis de uso do galego nestes sitios son os seguintes:

Total de páxinas <i>web</i> orixinarias en Galicia	654
Páxinas <i>web</i> con opción só galego	83 (12,69%)
Páxinas <i>web</i> con opción de galego	214 (32,72%)

	297 (45,41%)
Páxinas <i>web</i> que non inclúen opción en galego	357 (54,58%)

Desagregando estes datos entre os diferentes ámbitos, podemos tira-las seguintes conclusións:

- A presenza do galego é moi pouco significativa nos ámbitos socioeconómico e financeiro.
- A práctica totalidade dos websites institucionais utilizan como linguas de comunicación galego, castelán e inglés.
- As páxinas ás que só se pode acceder en galego son, na súa inmensa maioría, páxinas persoais.
- No ámbito educativo, agás raras excepcións, cómpre distinguir entre os centros públicos (que teñen o seu sitio en galego aínda que poidan dar opción a consulta-la información noutras linguas), e os privados ou academias especializadas (que non inclúen a opción en galego).
- As universidades, aínda que maioritariamente utilizan o galego, merecerían un estudio específico tanto pola diversidade de modelos lingüísticos (galego-castelán-inglés/inglés/inglés-castelán) coma polos parámetros ós que poden responder estes modelos. Nunha primeira aproximación, chama poderosamente a atención o feito de que o galego non figura como opción lingüística en moitos dos *websites* relacionados con carreiras técnicas.

A XEITO DE REFLEXIÓNS FINAIS

Para concluí-la nosa intervención, quixeramos poñer sobre a mesa as seguintes reflexións:

A sociedade da información como factor de desenvolvemento social e económico

As características atribuídas á “sociedade da información” varían segundo os autores. Para o noso relatorio tomaremos como referencia as sinaladas polo Conseil de la Langue Française du Québec⁴. Segundo o Conseil

⁴ *Avis sur les industries de la langue dans la société de l'information*, Conseil de la Langue Française, Québec, 1994.

A sociedade da información implica: a ausencia de fronteiras xeográficas e políticas na xestión e na transmisión de coñecementos e de información; fai, da rapidez na xestión da información, unha das claves da competitividade; provoca unha transformación do emprego, primando a utilización das novas tecnoloxías da información e o traballo intelectual, e entraña unha explosión da información e do seu tratamento informático, o que acentúa a primacía da escrita e da comunicación en tempo real entre diversas linguas e comunidades.

Esta formulación, que hai menos de dez anos mesmo nos podería parecer ciencia-ficción, é hoxe un novo reto e un factor de desenvolvemento social e económico. Por dar só dous datos da magnitude do reto: no estudo publicado no pasado mes de febreiro pola consultoría Booz-Allen e Hamilton, estimaban en un millón o número de empregos que hai que crear en Europa arredor das novas tecnoloxías da información, e as estimacións da propia Unión Europea cifran en 51.000 millóns de ECUs o volume de negocios no mercado europeo de servicios de tecnoloxías da información.

A mesma Unión Europea, consciente de que o volume de negocios neste sector vai ter cada vez un maior peso na economía europea, publicaba o ano pasado un “Libro Verde”⁵ no que se establecen as liñas estratéxicas da actuación comunitaria na materia, liñas que gravitan sobre tres eixes básicos:

- a) O respecto á diversidade cultural e lingüística
- b) A valoración, por riba de todo, o elemento social e humano das novas tecnoloxías
- c) A importancia da actividade do sector privado, especialmente das pequenas e medianas empresas, como motor deste novo modelo de sociedade

Por todo o exposto, cando nos referimos ó galego na Internet, facémolo dende unha perspectiva que sobarda as cuestións estrictamente lingüísticas. Isto é, entendendo que Galicia e o galego afrontan un novo reto e que trala aposta polo uso do galego na Internet se atopa a aposta por construír e proxectar unha comunidade; o firme convencemento de que a sorte da nosa lingua e cultura vai ir unida ó crecemento económico de Galicia.

A necesidade dunha política lingüística para a sociedade da información

Consideramos que os retos que se derivan para o galego na chamada sociedade da información e na Internet coma paradigma desta sociedade son, en esencia, moi semellantes ós que teñen formulados a práctica totalidade das linguas europeas, agás o inglés. Xa que logo, a diferenza fundamental non estriba tanto nos retos coma na situación da que parte cada lingua. Con todo, en contraposición ó que se está a facer noutros países (os gobernos francófonos xa levan varios anos deseñando medidas de intervención; o goberno portugués iniciaba hai uns meses un debate nacional sobre a sociedade da información e as industrias dos contidos), na nosa comunidade as prioridades semellan estar centradas máis nas actuacións en materia de redes que nas industrias das linguas e dos contidos.

⁵ *Living and Working in the Information Society*, U.E, 1996.

Reconducir esta tendencia para “xerar cultura alternativa” debe ser un dos nosos obxectivos máis inmediatos. De aí que sexamos da opinión de que é necesario comezar a intervir:

1 Sobre o corpus da lingua

- Ó igual que sucede con tódalas novas tecnoloxías, resulta imprescindible proceder, antes de que o medio estea máis estendido, á fixación do léxico propio do campo.
- Para a implantación real deste tecnolecto é necesario conseguir que, pola propia demanda do mercado ou mediante o apoio institucional, poidamos contar con versións en galego das ferramentas lóxicas imprescindibles para navegarmos pola Internet.

2 Sobre o status da lingua

Conseguirmos un espazo propio –isto é galego e en galego, aínda que se aproveitan as posibilidades de comunicación multilingüe– vai depender en grande medida da nosa capacidade para:

- Xerar contidos e servizos, aspecto no que as universidades, as administracións públicas e as empresas privadas, tanto pola súas potencialidades como polo seu papel exemplificador van ser determinantes.
- Ofrecer servizos, extremo que depende tanto das administracións públicas como da iniciativa privada.
- Crear unha conciencia crítica tanto a respecto da lingua como do xeito de comunicar, semellante cando menos á que se tenta propiciar noutros ámbitos –publicidade convencional ou relacións comerciais–.

Para concluí-la intervención, quixeramos subliña-la idea que subxace neste traballo e no propio *Vieiros*: ¿Internet, en galego? En galego, o que ti queiras.